



Chimamanda Ngozi Adichie. // Arquivo

# Dor que esgaza en Biafra

## Outras narrativas Memoria da guerra segundo a nixeriana Ngozi Adichie

**Half of a Yellow**

**Sun** · Chimamanda

Ngozi Adichie,

Chimamanda ·

Harper, 2007 ·

448 páx · 17,75 libras



Segundo Chimamanda Ngozi Adichie (Nixeria, 1977), a guerra de Biafra proxectara dende sempre a súa sombra sobre a súa vida. A autora nixeriana da xa reconñecida *Purple Hibiscus* é demasiado nova para ter vivido a guerra, mais non para ter perdido dous avós nela e para sentir os seus efectos na Nixeria actual. En *Half of a Yellow Sun* é capaz de crear un deses libros que nos persegue coa súa sombra fonda e perturbadora durante longo tempo. Para unha literatura como a galega que tenta enfrentarse a unha guerra, un libro coma este establece conexións que chegan a superar fronteiras. Tamén é un libro que pon o dedo na chaga da nosa historia como occidentais.

Magnificamente estruturado en catro momentos que van cara aatrás e cara adiante no tempo, Adichie preséntanos tres personaxes: Olanna, a filla dunha rica familia de Lagos que decide vivir cun profesor universitario, Ugwu, o criado deste, e Richard, o amante inglés da irmá xemelga de Olanna. A través deles condúcenos pola traxedia colectiva e individual da guerra de Biafra, que deixou na retina occidental apenas a imaxe da fame extrema e un longo esquecemento. As palabras de Adichie son como ese medio sol amarelo da bandeira do que no seu día foi Biafra, a puntada que se dá polo interior e que pasa polas historias pequenas, as traxedias persoais de cada quen para chegar a traspasar a tea-

cara a fóra, coas desinformacións dun pobo en guerra, a pasividade e mentiras da comunidade internacional, a fraxilidade dos ideais cando os defende o sangue.

É este un libro totalmente exento de sentimentalismos, onde a crueza dos feitos corta a respiración. Os personaxes non teñen tempo de xustificarse, están demasiado ocupados en sobrevivir, en manter a vida e a de quen lles importan. Todos terán que vivir cos feitos cando remata a guerra. Os escrúpulos doutra hora, daqueles felices primeiros anos sesenta van quedando atrás coas pertenzas, as familias, as casas e os traballo. A escolla de personaxes de Adichie permítenos tamén observar o desafiuamento das elites pensantes e o da cidadanía máis humilde. A usura, os intereses creados, a morte ás costas amosan a fraxilidade dos privilexios cando a guerra pon en marcha os seus eixes. Os personaxes escollidos non son heroes, viven certamente na marxe: Olan-na por ser muller, Richard por ser un colonizador renegado e Ugwu pola súa baixa clase social. Mais é nesa marxe onde habitan as historias e a esperanza.

Tamén é un libro dende dentro, dende as cancións, os ambientes e os detalles que nos levan ao corazón dun pobo que buscaba a súa auto-determinación e que foi esmagado polo esquecemento, a impotencia e a fame, utilizada como arma de guerra. O relato condúcenos cun ritmo profundo e trepidante cara á análise tamén do presente, da memoria, da necesidade de restaurar o dano. “A memoria está dentro de min”, di Olanna e nós dentro dela e más preto de Biafra.

// María Reimóndez